


2026





**LIBRO
EIXO ATLÁNTICO
2026**



PORTADA

Autor: Leonardo Rial Otero, nado en Cangas en 1953

Obra: sen título

Ano: 2008

Segundo premio e mellor obra galega da Edición VIII da Bienal de Pintura,
ano 2008-2009

EDITORIAL

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

Autor: Xoán Vázquez Mao

Maquetación: Dubidú Estudio Gráfico

Imprenta: Rodi Artes Gráficas S.L



HISTORIA..... 7

SECRETARÍA XERAL..... 29

EURORREXIÓN DO COÑECEMENTO.....	31
CONGRESOS.....	33
RELACIÓNS INTERNACIONAIS	35
CANDIDATURAS XESTIONADAS EN 32 ANOS.....	41
COMUNICACIÓN.....	42

ÁREAS POLÍTICAS..... 45

CONFERENCIA DE ALCALDES E ALCALDESAS E COMISIÓNS POLÍTICAS	47
ÁREA POLÍTICA DE SOSTENIBILIDADE URBANA.....	49
PLAN DE DESCARBONIZACIÓN.....	50
PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE.....	51
PLAN DE SOSTIBILIDADE DO SISTEMA URBANO.....	52
DELIMITACIÓN DE ÁREAS FUNCIONAIS EN GALICIA.....	53
ÁREA POLÍTICA DE ECONOMÍA	54
INFORME SOCIOECONÓMICO	54
TURISMO	55
GUÍAS TURÍSTICAS.....	56
EXPOCIDADES	57
NOVOS CONCEPTOS TURÍSTICOS.....	58
INFRAESTRUTURAS. CORREDOR ATLÁNTICO	59
COMISIÓN POLÍTICA DE INNOVACIÓN SOCIAL.....	61
MAPA DE COHESIÓN SOCIAL.....	61
EDUCACIÓN.....	63
CULTURA.....	65
DEPORTES.....	68

LOBBY POLÍTICO..... 71


PRAZAS DO EIXO ATLÁNTICO..... 81

PREMIOS RECIBIDOS..... 87

ORGANIGRAMA ESTRUCTURAL..... 91

COMISIÓN EXECUTIVA.....	93
ALCALDES E ALCALDESAS DO EIXO ÁTLÁNTICO.....	94
ORGANIGRAMA INTERNO.....	97

HISTORIA



Construír unha Europa sólida e solidaria que creza con base nos dereitos sociais

Corrían os primeiros anos 90 e en Europa había líderes. Felipe González, François Mitterrand, Helmut Kohl, Mário Soares... e, entre eles, un érao de Europa: Jacques Delors. Todos eles europeístas convencidos. Nese contexto, Delors (entón presidente da Comisión Europea), lanza unha batería de medidas estratéxicas para construír unha Europa sólida e solidaria que creza con base nos dereitos sociais, no respecto ao medio ambiente e na aposta pola innovación. Son os tempos do famoso mantra «crecemento, competitividade e emprego». E tamén do documento Europa 2000, que recollía unha proposta para unha nova ordenación do territorio europeo no que aparecían por primeira vez figuras como as Eurorrexións.

O 28 de setembro de 1992, mediante o tratado constitutivo de Viana do Castelo, baixo a presidencia do presidente da República de Portugal Dr. Mário Soares, créase unha asociación transfronteiriza de cidades entre Galicia e o Norte de Portugal que, co tempo, acaba configurándose como o sistema urbano da Eurorrexión nacente e que, máis de tres décadas despois, constitúe o único sistema urbano transfronteirizo organizado en toda a Unión Europea.



Dr. Mário Soares, presidente da República de Portugal, na constitución do Eixo Atlántico. Viana do Castelo, 1992

O 28 de setembro de 1992 créase unha asociación transfronteiriza de cidades entre Galicia e o Norte de Portugal



Asemblea Xeral na Cámara Municipal do Porto con motivo da proclamación desta cidade como Patrimonio da Humanidade, 1997

En 1995 deséñanse as liñas que configurarán o Eixo Atlántico no futuro: achegar o Eixo aos cidadáns

En 1995 deséñanse as liñas que configurarán o Eixo Atlántico no futuro: achegar o Eixo aos cidadáns mediante programas culturais e deportivos, con especial vocación cara aos segmentos máis novos da sociedade; abrir o debate á sociedade e convertelo progresivamente nun think tank de coñecemento dedicado ás cuestións ligadas ao desenvolvemento local e rexional e á cooperación transfronteiriza. E, por suposto, orientado a construír un lobby en Europa que permita incidir na configuración das políticas de cooperación, nun momento en que Jacques Delors lidera un proxecto de construción europea participativo e ilusionante.

Así nacen os Xogos do Eixo Atlántico, que, na súa última edición, en 2022, alcanzaron os 2200 participantes, e a Bial de Pintura do Eixo Atlántico. Realízase o primeiro Estudo Estratéxico do Eixo Atlántico. Por primeira vez en Europa, unha Eurorrexión ten unha folla de ruta para a seguinte década, feita con rigor e debatida coa sociedade, nun exemplo claro e anticipativo do que a Comisión Europea definirá anos máis tarde como «gobernanza».



Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia. Vigo, 1996



Asemblea Xeral do Eixo Atlántico en Guimarães en apoio á súa candidatura a Patrimonio da Humanidade, 1997

Nesta primeira etapa prodúcense algúns dos éxitos que marcarán positivamente o devir do Eixo Atlántico nos anos seguintes. Xérase unha filosofía baseada no concepto de cidades competidoras por natureza que cooperan por vontade política.

É tamén nesta época cando o Eixo apoia as candidaturas de Guimarães e da muralla de Lugo a Patrimonio da Humanidade, finalmente aproba-

das, co argumento de que o que beneficia a un, beneficia a todos os que constituímos o sistema urbano da Eurorrexión. Actos políticos de apoio a ambas as candidaturas teñen lugar en Guimarães e en Lugo. Anos máis tarde, repetírase o apoio ás candidaturas da torre de Hércules na Coruña, do Bom Jesus en Braga, da Ribeira Sacra en Lugo ou, máis recentemente, a candidatura de Ferrol, «Cidade de Ferrol: porto da Ilustración».



Inauguración da exposición sobre a historia da Eurorrexión. Lugo, 2001

Neste período finalízase a conexión da Autoestrada do Atlántico coa A3 en Valena, conectando Lisboa e A Coruña por autoestrada por primeira vez, no que constitúe o primeiro grande  xito pol tico do Eixo Atl ntico e o primeiro gran referente de cohesi n territorial na Eurorrex n. M is tarde vir n novas conexi ns na Eurorrex n, concretamente entre Chaves e Ver n, nunha conexi n que une a provincia de Ourense e Lisboa por unha autoestrada interior.



Cristina Narbona, ministra de Medio Ambiente de Espa a, Rui Balleiras, secretario de Estado do Desenvolvemento Rexional de Portugal, Emilio P rez Touri o, presidente da Xunta de Galicia, e Xos  S nchez Bugallo, alcalde de Santiago, no acto de firma da Carta de Aalborg. Santiago de Compostela, 2006



Reuni n dos concellos do Eixo Atl ntico no proceso de elaboraci n da Axenda 21 conxunta.

Esta  poca caracter zase tam n por un forte impulso   investigaci n do territorio, aplicada ao desenvolvemento da Eurorrex n e   planificaci n para o uso eficiente dos fondos europeos do per odo 2000-2007. Elab ranse os segundos estudos estrat xicos, introducindo o concepto da sostibilidade como unha visi n m is ampla e estrat xica.

Por primeira vez en Europa, desenv lvese un proceso de elaboraci n e implementaci n da Axenda

da 21, en rede e con car cter transfronteirizo, na planificaci n urban stica e estrat xica e no desenvolvemento de instrumentos clave, como os plans de mobilidade sostible. Froito deste proceso nace a Axencia de Ecoloxia Urbana do Eixo Atl ntico (Eixoecoloxia) que contin a desenvolvendo servizos de consultor a ambiental para os concellos asociados.

INFRAESTRUTURAS



INFRAESTRUTURAS VIARIAS

En 1998, os presidentes Guterres e Aznar inauguran a conexión en Valença. A circunvalación de Vigo, que permite ir desde Ferrol ata Lisboa por autoestrada, terá que esperar ata 2005. Pero xa se pode circular por autoestrada entre Vigo e O Porto.

O Eixo Atlántico apoia tamén a vella aspiración da cidade de Bragança de contar cunha conexión por estrada con Puebla de Sanabria, que adquire unha importancia estratéxica co funcionamento do AVE entre Madrid e Galicia.

Desde 1998,
xa se pode
circular entre
Vigo e O Porto
por autoestrada

António Guterres, primeiro ministro de Portugal, e José M.^o Aznar, presidente do Goberno de España, na inauguración da autoestrada Vigo-O Porto. Valença do Minho, 1998




Congreso de Obxectivos Estratéxicos do Eixo Atlántico. Vigo, 1996



Asemblea Xeral. Maia, 2018

Os cambios políticos que se producen en ambos os países obrigan a retomar constantemente a defensa da comunicación ferroviaria. Son anos de constantes cambios no mundo. O 11-S, o ataque ás Torres Xemelgas de Nova York e ao Pentágono en 2001 e as súas consecuencias inmediatas, a segunda Guerra do Golfo, Iraq e Afganistán, cambian o mundo e a xeopolítica tal e como a coñecemos. A entrada en vigor do Euro reforza o concepto político de Europa, coincidindo coa entrada no novo século.



Fernando Gomes, presidente do Eixo Atlántico, co primeiro ministro de Portugal, Cavaco Silva. Lisboa, 1994

O Eixo Atlántico prepara as súas cidades para un futuro multifactorial fomentando a innovación, a cultura e o desenvolvemento rexional e local

O atentado terrorista que arrasa Madrid en 2004 inaugura unha nova época de atentados indiscriminados contra a poboación civil que alteran radicalmente os esquemas de seguridade internos en Europa, pondo en risco os avances realizados en materia de libre circulación no marco de Schengen.

Outro grave problema leva tempo latexando e está próximo a estalar: mentres o Eixo Atlántico prepara as súas cidades para un futuro multifactorial fomentando a innovación, a cultura, o desenvolvemento rexional e local, a política urbana, a sostibilidade e a investigación como elementos dun desenvolvemento local e urbano, harmónico e solidario, unha brutal crise económica concrétese nun estalido que afunde o primeiro mundo na súa maior crise desde o crac do 29 no século pasado.



Reunión en Francia da Rede Atlántica promovida polo Eixo Atlántico para impulsar o turismo náutico

España e Portugal, en primeira liña do tsunami, son dous dos países máis afectados e que se ven obrigados a tomar as medidas máis drásticas, recortando de forma radical o seu orzamento público. Confrontado con esta situación, sen apenas marxe de tempo de resposta, o Eixo Atlántico debe reorientar toda a súa estratexia, adaptarse a unha economía de guerra e centrarse na saída das crises, tanto no que respecta ás cidades como á Eurorrexión, e crear unha devasa, é dicir, mecanismos que reforcen as cidades para previr situacións análogas no futuro e ser resilientes. A fórmula máxica é, precisamente, o traballo en rede e a cooperación: xuntos para ser máis fortes.



Manuel Cabezas, presidente do Eixo Atlántico, e Xoán Vázquez Mao, secretario xeral, coa vicepresidenta da Comisión Europea, Loyola de Palacio. Bruxelas, 2001



Manuel Pérez, alcalde de Vigo, Fernando Gomes, alcalde do Porto, e Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, nunha das primeiras reunións constitutivas do Eixo en Vigo

A parte positiva é que a crise permite testar a fortaleza estrutural do Eixo Atlántico, que -no medio dun tsunami que leva por diante grande parte das estruturas de arquitectura estratéxica existentes- non só sobrevive, senón que se adapta á nova situación e mesmo crece en número de membros, sen renunciar ao seu ADN: as políticas sociais e culturais, e a investigación aplicada sobre o territorio.

O Eixo Atlántico sobrevive á crise, pero aproveita os momentos duros para reflexionar, aprender dos erros cometidos e reinventarse para adecuarse a unha Europa distinta daquela que impulsou o seu nacemento.

Por expicalo dunha forma gráfica, debemos acudir a aquel graffiti que alguén debuxou nunha parede de Bogotá e que deu a coñecer o gran poeta uruguaio Mario Benedetti: «Agora que sabemos as respostas, cámbianos as preguntas».

A primeira táctica é favorecer a ampliación. Moitas cidades creceron durante a crise e convertéronse en membros do sistema urbano. Canto máis dura é a tormenta, máis barcos buscan o refuxio do porto seguro.



Asemblea Xeral. Lugo, 2023



De esquerda a dereita: Ricardo Rio, presidente do Eixo Atlántico. Lara Méndez, vicepresidenta, António Costa, primeiro ministro de Portugal, e Xoán V. Mao, secretario xeral do Eixo Atlántico. Braga, 2017

E así, as cidades emerxentes buscan a cobertura do Eixo para protexerse e reforzarse. A ampliación do Eixo péchase con 38 asociados en 2017, o que significa que en 15 anos triplicou o seu número de integrantes desde os 13 iniciais. O proxecto é cada vez máis sólido e viable. En 2024, son 41 cidades e entidades asociadas.

O Eixo Atlántico segue crescendo trala crise pandémica ao reunir as 41 cidades e entidades actuais

Pero é necesario cambiar os conceptos. Xa non podemos falar de infraestruturas, senón de transportes. E non podemos falar de transportes sen falar de política marítima. Como non podemos falar de turismo sen falar de sostibilidade, de conservación do patrimonio e da natureza e, por suposto, de cultura. Como tampouco podemos falar de progreso sen emprego, nin de emprego sen competitividade, nin de competitividade e crecemento sen I+D e sen innovación.

Esta é a nova ecuación poscrise, e na que se puxo a traballar o Eixo Atlántico en canto comprobamos a dimensión e as consecuencias da crise. Porque da crise pódese saír, pero só cando es o máis forte. E o sistema urbano do Eixo Atlántico tiña as condicións e a vontade para ser o máis forte.



Intervención de responsables do Eixo Atlántico en foros europeos



Congreso da Axenda Urbana do Eixo Atlántico. Braga, 2017

As cidades emerxentes buscan a cobertura do Eixo Atlántico para protexerse e reforzarse

Co reforzo que en todos os ámbitos supuxo a ampliación, o Eixo Atlántico acometeu unha estratexia multifactorial:

- 1.** As conexións ferroviarias tanto de pasaxeiros como de mercadorías.
- 2.** O impulso ao Camiño Portugués de Santiago.
- 3.** O impulso ao que constitúe o noso ADN colectivo e que reforza a xeración de masa crítica, auténtica columna vertebral da cooperación e o desenvolvemento económico: a cultura, o deporte, a educación e a formación seguen constituíndo as accións prioritarias do Eixo.
- 4.** A mellora das condicións de vida das poboacións de fronteira, impulsando a creación de recursos conxuntos de saúde, ou a coordinación dos existentes para evitar o seu peche por falta de recursos e de poboación. O establecemento de transporte interurbano transfronteirizo, ou a creación de estruturas conxuntas de seguridade.

En 2015 os xefes de Estado de España e Portugal participan na clausura da Asemblea Xeral do Eixo Atlántico e entregan as medallas de ouro da entidade



Os alcaldes do Eixo Atlántico cos reis de España, o presidente da República de Portugal, o presidente da Xunta de Galicia e membros dos gobernos de España e Portugal. A Coruña, 2015

E así chegamos a 2015 co acto que representa un punto de inflexión na vida do Eixo Atlántico: os xefes de Estado dos dous países, o rei Felipe VI e o presidente Cavaco Silva, presiden conxuntamente a Asemblea Xeral do Eixo Atlántico, na Coruña, e entregan as Medallas de Ouro da entidade. Por primeira vez na historia das fronteiras europeas, dous xefes dos respectivos Estados presiden conxuntamente un acto de cooperación transfronteiriza non governamental. Nesta asemblea, o Eixo Atlántico inicia a transición do vello modelo de cooperación ao novo concepto de desenvolvemento local conxunto.

A partir dese momento e ata a actualidade, o Eixo Atlántico demostrou ser flexible, resiliente e adaptable ante os novos retos. Así, durante a pandemia de 2020 e 2021, o Eixo Atlántico reuniu os seus alcaldes nunha histórica Conferencia de Alcaldes e Alcaldesas onde se marcou un

novo rumbo da entidade cara a un modelo máis permeable ás necesidades dos concellos e aos habitantes da Eurorrexión, creando novas estruturas como as Comisións Políticas que propoñen solucións nos ámbitos da economía, a sostibilidade e a innovación social.

Nos seguintes capítulos reflíctense de forma detallada os logros do Eixo Atlántico ao longo da súa historia ata a actualidade.

O Eixo Atlántico, no 2026, creou o Consello Estratégico integrado por persoas que tiveron unha participación relevante na vida do Eixo Atlántico e que, retiradas da actividade política, poden achegar unha visión estratéxica e consensuada á liña de actuación do Eixo Atlántico. O obxectivo do Consello Estratégico é a reflexión e o debate cos membros do Eixo Atlántico para establecer as liñas estratéxicas da entidade.

CONEXIÓN DE BRAGANÇA COA ESTACIÓN DE AVE DE SANABRIA COA PRESENZA DO CONSELLEIRO DE FOMENTO DA XUNTA DE CASTELA E LEÓN

En 2019, coa presenza de representantes da comunidade de Castela e León, o presidente de Infraestruturas de Portugal (IP), o alcalde de Bragança, Hernâni Dias, e o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán V. Mao, chégase ao acordo que permite desbloquear as obras para a reforma da estrada entre Bragança e Puebla de Sanabria por Rihonor, o que contribúe a resolver unha das reivindicacións históricas do Eixo Atlántico.



Reunión en Bragança do presidente da CM de Bragança e o secretario xeral do Eixo Atlántico co conselleiro de Fomento de Castela León e co presidente de Infraestruturas de Portugal (IP) para desbloquear a mellora da estrada entre Bragança e Puebla de Sanabria, 2019

A nova vía entre Bragança e Puebla de Sanabria foi unha das reivindicacións históricas do Eixo Atlántico



Estación do AVE en Otero de Sanabria coa que conectará a nova estrada Bragança-Sanabria, saída de alta velocidade para os habitantes de Trás-os-Montes

Esta obra permitirá conectar a localidade portuguesa de Bragança e todo o noroeste trasmontano co AVE ao seu paso por Otero de Sanabria. Esta conexión, estimada nuns 20 minutos, suporá un forte impacto económico tanto para a provincia de Zamora, como para a rexión de Trás-os-Montes (Portugal), tanto no ámbito industrial como no turístico; impacto que tamén se estima que se estenderá á provincia de León.

PEAXES NAS SCUT

En 2009, o segundo goberno de José Sócrates, en Portugal, xa inmerso na crise que provoca o rescate financeiro do país, vese obrigado a implantar peaxes nas denominadas SCUT (autovías sen custo para o usuario) que funcionaban gratuitamente mediante a denominada «peaxe na sombra». O sistema de pago que se diseña é tan desafortunado e complexo que provoca a fuxida do turismo español ante a imposibilidade material de facer os pagos. O impacto no Norte de Portugal, primeiro territorio onde se implanta a medida, é brutal: unha caída do 40 % do sector servizos no primeiro ano de implantación da medida.



Conferencia de prensa en Viana do Castelo con autoridades portuguesas e galegas para solucionar o problema do pago da peaxe para estranxeiros

O secretario de Estado de Infraestruturas de Portugal réunese co Eixo Atlántico para solucionar o problema do pago nas SCUT



Máis de 30 medios de comunicación galegos e portugueses acreditados na conferencia de prensa

O Eixo Atlántico, por instancia do alcalde de Viana do Castelo, que lidera a oposición á medida, asume o liderado do movemento de oposición, ao que se suman as organizacións empresariais, a Xunta de Galicia, e mesmo a CCDRN, a pesar das limitacións que supón a súa dependencia orgánica do goberno que implantou a medida.

Dous anos despois, o goberno portugués acepta a proposta do Eixo Atlántico para aplicar a directiva europea sobre a interoperabilidade de sistemas de pago de peaxes, que ningún país europeo aplicara na década transcorrida desde a súa aprobación, solucionándose o problema das peaxes e pasando a ser o primeiro territorio europeo que implanta a citada directiva. Esta batalla nunca se gañaría sen a estreita e permanente implicación dos medios de comunicación, eliminando o último efecto fronteira.

ELIMINACIÓN DO ROAMING



É tamén neste contexto onde o Eixo Atlántico promove unha campaña a nivel europeo, en colaboración coas organizacións de consumidores, á que se suman máis de 10 países, conseguindo recoller máis de 117 000 firmas nun mes a través da plataforma www.change.org, en apoio á posición do Parlamento Europeo e da Comisión Europea para a desaparición do roaming na Unión Europea. A campaña finaliza tralo acordo para a súa desaparición, en xuño de 2017, co que se consegue unha vitoria histórica de dimensión europea.



MODERNIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS



O ministro de Planeamento e Infraestruturas de Portugal, Pedro Marques, co secretario de Estado, Guillermo Oliveira, o presidente de Infraestruturas de Portugal, António Laranjo, o presidente da Cámara Municipal de Viana do Castelo, José Maria Costa, e o secretario xeral, Xoán V. Mao, na firma dos primeiros contratos para a electrificación da Linha do Minho. Viana do Castelo, 2016




Tren Celta que une Vigo e o Porto con unidades diésel, fronte ás modernas unidades eléctricas que unen Vigo coa Coruña. Estación de Vigo-Guixar, 2015

Unha vez conseguida a finalización da conexión por autoestrada entre Portugal e Galicia, o Eixo Atlántico céntrase no que xa irá para sempre indisolublemente unido ao seu nome: a defensa da modernización ferroviaria da liña Lisboa-Coruña-Ferrol. O goberno portugués traballa na opción do «T deitado», cun eixo vertical entre Lisboa e Vigo (ampliable cando chegase o AVE español, que nos seus inicios se expuña en L, con entrada ata Vigo polo Miño e subida ata Ferrol) e unha saída transversal desde o Porto ata Salamanca, e desde alí a Madrid, Barcelona e Francia, seguindo o futuro esquema da alta velocidade española.

A conexión internacional, chamada Porto-Vigo naquel momento, deséñase en formato AVE/TGV entre Braga e Vigo. Mentres nada avanza do lado español, o goberno portugués desbloquea o proceso, en cumprimento do acordo ao que chega a Comisión Executiva do Eixo Atlántico co primeiro ministro António Guterres. É o inicio da estratexia ferroviaria do Eixo Atlántico, que ocupou os últimos 25 anos.


En 2015, CP e RENFE anuncian a desaparición da única liña que unía Vigo co Porto, aínda que fora nun tempo excesivo. O Eixo Atlántico lidera a mobilización cidadá, empresarial e política, que dá como froito que a liña non só non se peche, senón que se electrifique e, en 2023, o primeiro ministro de Portugal, António Costa, faga a viaxe inaugural do tren interurbano que une Valença, (poboación fronteiriza con Galicia) con Lisboa.



Foro sobre infraestruturas da Eurorrexión organizado polo periódico Jornal de Notícias. Gaia, 2016

MAPA DE INFRAESTRUTURAS

Pero como hai vida máis aló do tren, e este non pode entenderse sen unha visión global do territorio, elabórase o mapa das infraestruturas, documento que recolle todas as necesidades da Eurorrexión para o seu desenvolvemento. É a primeira vez en Europa que todos os alcaldes elaboran, cunha participación moi activa, un documento conxunto no que, reivindicando o de todos, reivindicando o de cada un.





A vicepresidenta do Eixo Atlántico, Luísa Salgueiro, e o secretario xeral, Xoán Vázquez Mao, presentan ao ministro portugués de Planeamento e Infraestruturas, Pedro Marques, o segundo paquete de infraestruturas do Eixo Atlántico. Lisboa, 2019

O mapa de infraestruturas do Eixo Atlántico inicia un percorrido que o leva desde os despachos dos gobernos nacionais ata o do comisario Barnier, na Comisión Europea, pasando pola Presidencia da Xunta de Galicia e da CCDRN (Comisión de Coordinación de Desenvolvemento Rexional do Norte), converténdose nun documento de referencia na planificación das infraestruturas e, por conse-

guinte, na ordenación do territorio, para todos os gobernos implicados. Pero, ademais, convértese nun referente tamén en materia de gobernanza e de propostas solidarias con visión de territorio por parte dos alcaldes asociados no Eixo Atlántico. A vertebración da Eurorexión sempre foi un elemento destacado, coas infraestruturas como eixo primordial.




Reunión do presidente, vicepresidente e secretario xeral, José Maria Costa, Severino Rodríguez e Xoán V. Mao, respectivamente, coa ministra española de Fomento, Ana Pastor. Pontevedra, 2012



De esquerda a dereita, António Costa, primeiro ministro de Portugal; Xoán Vázquez Mao, secretario xeral do Eixo Atlántico, e José María Costa, alcalde de Viana do Castelo, no acto de inauguración da circulación de trens de tracción eléctrica no tramo Viana do Castelo-Valença, 2021

En xullo de 2021, o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular presenta o Mapa Ferroviario de Galicia para a modernización da rede ferroviaria galega, co obxectivo de consolidar o eixo atlántico ferroviario e defender a posición xeoestratéxica e xeomarítima de Galicia.

Entre as diferentes propostas para todo o territorio galego, o Mapa Ferroviario de Galicia aposta pola consolidación da liña Vigo - Ourense - Monforte, e Ferrol - Coruña, Lugo, Monforte, eixos principais para a comunicación coa meseta e Europa e a conexión entre Ferrol e a fronteira portuguesa. O Mapa Ferroviario Galego pon o seu foco de acción no transporte de mercadorías e busca a dinamización económica a través do emprego, considerando este informe como a alternativa máis viable, sensata e pragmática non só para os desprazamentos de longa distancia, senón tamén para os de media distancia.



A LINHA DO MINHO E A NOVA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE FERROL-LISBOA

Tralo comezo das obras de modernización da liña do Minho, o Eixo Atlántico expón unha segunda liña polo interior, con conexión co aeroporto Sá Carneiro e cun trazado que permita maiores prestacións e velocidade, para unir Lisboa con Ferrol.



O ministro portugués de Infraestruturas, Pedro Marques, e o secretario xeral do Eixo Atlántico conversan en presenza do alcalde de Viana do Castelo, José Maria Costa, no acto da firma dos primeiros contratos de mellora da liña do Minho. Viana do Castelo, 2016



O primeiro ministro de Portugal, António Costa, co secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán V. Mao, no acto inaugural da circulación de trens de tracción eléctrica no tramo Viana do Castelo-Valença. Viana do Castelo, 2021

En 2022, o goberno de Portugal anuncia a súa intención de construír unha liña de alta velocidade entre Lisboa, o Porto e Valença do Minho, que enlazaría con Vigo a través da saída sur de Vigo. No seu Plan de Investimentos cuantifica os traballos que se deben realizar e sitúa a súa conclusión en 2030. Isto permitirá vertebrar a fachada atlántica peninsular desde Ferrol ata o Algarve, unha das máis antigas propostas do Eixo Atlántico.

EUORREXIÓN DO COÑECEMENTO




Debate no Congreso dos Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico, moderado por Manuel Campo Vidal, presidente da Academia de Televisión de España, no que participan os exministros Luís Braga da Cruz, Abel Caballero, Valente de Oliveira e Daniel Bessa, así como o expresidente da Xunta, Fernando González Laxe

É difícil expor modelos ou propostas de desenvolvemento sen acompañalos do rigor que só poden achegar os datos, a análise dos mesmos e os estudos derivados. Desde a súa fundación en 1992, o Eixo Atlántico elaborou preto de 200 estudos e informes estratéxicos vinculados con todos os ámbitos da Eurorrexión: ordenación do territorio, transporte, industrias creativas, deportes, educación, turismo, plan estratéxico, etc., converténdose nunha das entidades europeas cunha maior bagaxe de coñecemento ao servizo das súas cidades, **reflexido no concepto «unha Eurorrexión do coñecemento»**, e convertendo o seu think tank nun departamento mancomunado de apoio ás decisións dos dirixentes e xestores municipais.

En 1995 elabora os primeiros estudos estratéxicos, nos que se define o marco conceptual de aplicación ao territorio das novas políticas europeas que se están lanzando no ámbito do desenvolvemento rexional: a cooperación transfronteiriça e a política urbana.

En 2003 elabora os segundos estudos estratéxicos, que realizan unha revisión do desenvolvido nesta década e a súa adaptación a unha nova etapa marcada polo atentado ás Torres Xemelgas e a un novo escenario mundial, distinto do que coñecemos.

O Eixo Atlántico elaborou máis de 200 estudos e informes estratéxicos



En 2015, trala crise económica que novamente altera as regras de xogo e transforma Europa, elabora a súa Axenda Urbana, a primeira axenda urbana transfronteiriza, no marco da axenda urbana europea; un documento estratéxico que propón as políticas que se deben desenvolver durante a próxima década para reforzar o desenvolvemento local, a democracia a través da gobernanza e a transparencia, e o fortalecemento da sociedade civil e as súas institucións de proximidade, os concellos, para previr situacións como as vividas nos seis anos precedentes.

En exercicio dunha gobernanza multinivel, estes documentos son debatidos cos representantes de todos os sectores e de todas as cidades da Eurorrexión: institucional, social, económico, cultural e académico.

O Eixo Atlántico atópase en proceso de actualizar a súa axenda urbana debido aos cambios significativos ocorridos desde a súa elaboración. Neste tempo, enfrontámonos a unha crise económica global, a dúas guerras bélicas (a de Gaza e a de Ucraína) e a unha pandemia mundial que transformaron profundamente as nosas realidades sociais, económicas e xeopolíticas. Estas circunstancias deixaron leccións valiosas que precisan ser integradas na nosa planificación futura, adaptando as nosas estratexias para facer fronte aos novos desafíos, fortalecer a resiliencia das nosas cidades e asegurar un desenvolvemento máis equitativo e sostible para os próximos anos.



Reunións de expertos no proceso de elaboración da axenda urbana e o seu plan de acción.

CONGRESOS

CONGRESO DE VIGO 1996

O congreso de debate das propostas coa sociedade reúne en Vigo dirixentes de todos os ámbitos da Eurorrexión, e é inaugurado polo entón ministro e posteriormente presidente do Goberno español, Mariano Rajoy. A clausura corre por conta do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga. É neste congreso cando se crean e conceden por primeira vez as Medallas do Eixo Atlántico, coas que se reconece aquelas persoas ou institucións que desenvolven un traballo relevante en prol da cooperación e da construción da Eurorrexión.



Intervención do ministro de Administracións Públicas de España, Mariano Rajoy. Vigo, 1996



CONGRESO DE OURENSE 2005

Cun forte impulso á investigación do territorio aplicada ao desenvolvemento da Eurorrexión e á planificación para o uso eficiente dos fondos europeos do período 2000-2007, o documento é debatido nun congreso que, novamente, reúne máis de 500 dirixentes sociais, económicos, políticos, académicos e culturais da Eurorrexión, neste caso en Ourense, en 2005.





CONGRESO DE BRAGA 2017

O Eixo xa viviu a súa gran ampliación e os dirixentes políticos, sociais e económicos das 38 cidades que o integran volven reunirse en Braga para discutir a primeira axenda urbana transfronteiriza, nun congreso que clausura o primeiro ministro de Portugal, António Costa.



António Costa, primeiro ministro de Portugal, clausura o congreso de debate da axenda urbana do Eixo Atlántico. Braga, 2017

RELACIÓNS INTERNACIONAIS

EUROPA



O presidente da Comisión Europea, Durão Barroso, intervén no Congreso Europeo de Fronteiras. A Coruña, 2012

En 2009 o Eixo Atlántico convoca en Guimarães a primeira Conferencia da Fronteira Ibérica, á que asisten máis de 200 persoas de todas as organizacións que traballan nos territorios de fronteira e que, desde entón, o fan conxuntamente.

Posteriormente, en 2012 convócase o primeiro Congreso Europeo de Fronteiras, na cidade da Coruña, no que participan representantes de todas as organizacións transfronteirizas da UE e que inaugura por videoconferencia o presidente da CE, Durão Barroso.



A ministra española Elena Salgado e o ministro portugués Nunes Correia no congreso sobre «cooperación de 2.ª xeración». Guimarães, 2009

A ARXENTINA



Reunión con Luis Green, secretario de Estado de Fronteiras do Goberno da Arxentina. Bos Aires, 2017


A cooperación para o desenvolvemento que impulsa a Comisión Europea é un magnífico instrumento para transferir a experiencia do Eixo Atlántico e adquirir novos coñecementos que aplicar ao territorio. En 2020 iníciase un proceso de internacionalización, que ata o momento se desenvolveu en 2 escenarios:

BRASIL E URUGUAI

En 2014 unha delegación do goberno do Brasil, na que participaba o prefeito de Bagé, Luís Eduardo Colombo, entón presidente da Comisión de Municipios Transfronteirizos e Vicepresidente da Asociación de Municipios do Brasil, realizou unha misión ao territorio do Eixo Atlántico na que tivo ocasión de coñecer os incipientes traballos de elaboración da axenda urbana. Como resultado desta viaxe, en 2017, o secretario xeral do Eixo Atlántico foi convidado á fronteira do Uruguai (Rivera) co Brasil (Sant'Ana do Livramento) para manter reunións con responsables políticos e coas universidades para analizar a posible transferencia da



Presentación da primeira axenda urbana transfronteiriza do Mercosur, 2022



Inauguración do primeiro gabinete transfronteirizo do Mercosur

experiencia do Eixo Atlántico a aquel territorio. Naquela viaxe tamén mantivo unha reunión en Bos Aires co secretario de Estado de Fronteiras da Arxentina, Luis Green.

Posteriormente, en 2019, o Eixo Atlántico impartiu un seminario de formación na fronteira da Arxentina (Posadas) con Paraguai (Encarnación), para formar a responsables políticos, académicos e sociais sobre a elaboración dunha axenda urbana para ese

continuo urbano transfronteirizo. Como resultado de todo este traballo, en 2019, o Eixo Atlántico presentou e viu aprobado un primeiro proxecto por importe dun millón de euros para desenvolver na cidade brasileira de Sant'Ana do Livramento, fronteiriza coa cidade uruguia de Rivera. Proxecto que contempla actuacións en materia de economía circular, integración social e xestión de residuos, así como a creación dunha oficina conxunta na fronteira e a elaboración dunha axenda urbana.



Seminario de formación na fronteira da Arxentina con Paraguai, 2019



Visita do sec. xeral do Eixo Atlántico e o vicepresidente da CM de Viana do Castelo a São Leopoldo. Brasil, 2018

O CANADÁ

Internacionalización das cidades, Programa IURC da Unión Europea

No contexto do programa Cooperación Rexional Urbana e Internacional (IURC) da Unión Europea, en 2018 e 2021 foron aprobados dous proxectos de intercambio impulsados polo Eixo Atlántico con cidades do Brasil e do Canadá; programas que se desenvolven entre 2021 e 2023.



O alcalde de San Xoán de Terranova, Danny Breen, recibe unha delegación do Eixo Atlántico e da cidade de Braga co obxectivo de comezar un proceso de cooperación entre ambas as cidades, 2022



Unha delegación de San Xoán de Terranova reúne en Braga co presidente da Cámara Municipal, Ricardo Rio, para comezar un proceso de cooperación entre ambas as cidades e unha rede internacional de referencia en innovación urbana e desenvolvemento urbano sostible. Braga, 2022

CUBA

O entón presidente do Eixo Atlántico, Ricardo Rio, e o secretario xeral, Xoán Vázquez Mao, reuníronse na Habana con autoridades cubanas e institucións europeas para impulsar proxectos conxuntos de cooperación ao desenvolvemento. Isto parte da visita dunha delegación da Oficina do Historiador da Habana, entidade responsable da recuperación e a restauración da Habana Vella, a cidades do Eixo Atlántico no mes de xullo. Baixo a solicitude da delegación, o Eixo Atlántico foi o responsable de organizar os encontros. A axenda de tres días incluíu reunións co Ministerio de Comercio e o Investimento Estranxeiro, a gobernadora da Habana, o Consello de Administración Municipal da Habana Vella e o presidente da Asemblea Municipal da Habana, entre outros dirixentes. Tamén visitaron os proxectos financiados con fondos europeos na capital cubana.



Ricardo Rio e Xoán Mao con Yanet Hernández, gobernadora da Habana

Durante a visita oficial, asinouse un protocolo de colaboración coa Oficina do Historiador para impulsar proxectos de desenvolvemento e intercambios entre as cidades do Eixo Atlántico e institucións da Habana. Deste xeito, países como Cuba ou Argentina propuxeron asociarse co Eixo Atlántico en proxectos de cooperación ao desenvolvemento. No caso de Cuba, coa que existe un vínculo histórico especial para Galicia, expónse un intercambio tanto no ámbito da contribución da recuperación da Habana Vella, como ao desenvolvemento e das actuacións contidas na mesma: sustentabilidade, mobilidade, descarbonización, economía e cohesión social.

Esta programación de cooperación triangular entre Cuba, México e Cabo Verde, co apoio de Eixo Atlántico como socio español, plantéase como unha intervención estruturada en 6 actividades consecutivas durante 24 meses (novembro 2025 - novembro 2027), deseñada para abordar o reto central de harmonizar a vitalidade turística coa integridade patrimonial e a calidade de vida dos seus habitantes, transformando a presión visitante nunha oportunidade para un desenvolvemento urbano inclusivo, resiliente e sostible, que fortaleza a participación comunitaria, incorpore a perspectiva de xénero e garanta a conservación do patrimonio mentres se beneficia á poboación local.



Ricardo Rio e Xoán Mao con Perla Rosales Aguirreurreta, directora xeral da oficina do historiador da cidade da Habana

O proceso de internacionalización do Eixo Atlántico comezou tras a visita dunha misión oficial de Brasil, interesada en coñecer a experiencia de cooperación entre Portugal e Galicia. Esta misión deu lugar ao proxecto Fronteira da Paz, financiado pola Comisión Europea, que adaptou o modelo do Eixo Atlántico a América Latina, promovendo o desenvolvemento local e a cohesión territorial. O éxito desta iniciativa valeulle ao Eixo Atlántico o recoñecemento internacional e a proposta de colaboración de países como Arxentina, Uruguai, Cuba e Cabo Verde, marcando o inicio dunha nova etapa de cooperación internacional. Este impulso deu lugar a un proceso estruturado de internacionalización baseado na cooperación solidaria e na transferencia de coñecemento.

O proxecto Fronteira da Paz foi clave para consolidar o modelo de cooperación transfronteiriza do Eixo Atlántico, destacando logros como a creación da primeira Axenda Urbana Binacional do Mercosur e do primeiro plan de xestión de residuos na rexión. Ademais, estableceuse a primeira oficina transfronteiriza do Mercosur e o Centro de Catadores para a inclusión social e económica. Actualmente, o Eixo Atlántico segue a traballar en novos proxectos internacionais en colaboración coa AECID, co obxectivo de crear Axendas Urbanas que equilibren o desenvolvemento económico, a conservación do patrimonio e a inclusión social, promovendo o turismo sostible e a participación comunitaria.



El Eixo Atlántico presenta al director de la AECID, Antón Leis, el informe "Fundamentos para una diplomacia local"

O Eixo Atlántico presentou á AECID o informe "Fundamentos para unha diplomacia local", que destaca a importancia de que as cidades e rexións participen na diplomacia internacional para acceder a oportunidades de cooperación e desenvolvemento. O informe, elaborado por José Luis Méndez Romeu e Paulo Ramalho, subliña a necesidade dunha diplomacia local centrada en principios como os dereitos humanos, a democracia e a cooperación descentralizada, especialmente tras

a pandemia e a guerra en Ucraína. O documento tamén analiza os cambios xeopolíticos e os seus efectos nos concellos, propoñendo medidas para que os gobernos locais definan políticas internacionais estratéxicas. Reforza o modelo de cooperación transfronteiriza do Eixo Atlántico, que promove a coordinación entre administracións e a participación activa dos gobernos locais nos asuntos internacionais.

CANDIDATURAS XESTIONADAS EN 32 ANOS

Nestes máis de 30 anos, o Eixo Atlántico xestionou 38 proxectos europeos, o que lle achega unha extraordinaria experiencia e fiabilidade na xestión eficiente e transparente dos mesmos.



- **RECITE II**
 - Millenium
- **CE – DG EMPLEO Y ASUNTOS SOCIALES**
 - ORIGINAL SIN
- **Interreg IIIA**
 - EIXO
 - AMBIENTE 21
 - CEER
 - EUROREGIÃO
 - DESUB
 - MOBILITAS
 - SIUTEA
- **Espacio Atlántico**
 - ATLANTE
 - STELLA MARIS
 - CLIMATLANTIC
 - IMAGINA ATLANTICA
 - POST
 - BRIDGES
- **Interreg IV C – Interregional**
 - DLA
- **Interreg Europe**
 - EPICAH
 - EURE
 - EDIN
- **Interreg Sudoe**
 - USE4FOREST
- **POCTEP**
 - EIXO
 - EUROCIUDAD
 - RETALER
 - RIET
 - ADL
 - EIXO INTERIOR
 - DESOURB
 - EURORREGION 2020
 - DESURB
 - MC2
 - DESTINO FRONTERA
 - SISTEMA URBANO
 - C3D
 - HI_EXPERIENCE
 - FENIX
 - TSI
 - SIRBEC
- **IURC – Intercambio entre ciudades**
 - São Leopoldo - Viana
 - Canadá – Braga
 - Braga - St. John's de Terranova (Canadá)
- **INTPA – Cooperación Exterior**
 - Fronteira da Paz
- **AECID**
 - Cooperación Triangular Cuba, Cabo Verde, México

COMUNICACIÓN

Se un país non se constrúe sen medios de comunicación libres, unha Eurorrexión non se estruturará socialmente ata que non existan mecanismos para ter acceso á mesma información, libre e veraz, eliminando o último efecto fronteira. En consecuencia, deséñase unha estratexia de comunicación tendente a normalizar a información en toda a Eurorrexión e a fomentar o intercambio de datos e contactos entre xornalistas de ambas as rexións, que hoxe son moi fluídos.

A presenza do Eixo Atlántico nos medios é regular e destacada tanto na prensa escrita, coma na radio e televisión ou nas axencias de noticias. Nos últimos anos, e con maior énfase desde a pandemia de 2020, creamos unha liña informativa especial enfocada nos medios dixitais.



Entrevista no programa Bos Días da TVG



A actualidade da Eurorrexión nos medios. Programas en Radio Vigo Cadena Ser, Antena Minho e Porto Canal



Entrevista á presidenta do Eixo Atlántico, Lara Méndez, no programa La Brújula de Onda Cero Galicia

Por último, impúlsase a creación de plataformas e recursos mediáticos conxuntos. En 2006 o Eixo Atlántico promove a produción dun documental sobre a Eurorrexión, dirixido por Manuel Campo Vidal, presidente da Academia de Televisión de España. A serie constitúe non só un documento histórico, senón unha enciclopedia audiovisual da Eurorrexión e da cooperación. A RTP (Radio e Televisión de Portugal) e a TVG (Televisión de Galicia) emiten a serie documental, tanto nas canles nacionais, como nas internacionais.

ENCONTRO DE XORNALISTAS DA EUORREXIÓN



Visita de xornalistas da Eurorrexión ás institucións comunitarias. Bruxelas, 2012

Conscientes do gran volume de información que xeran as institucións europeas, o Eixo Atlántico celebrou varias sesións de carácter formativo dirixidas aos xornalistas da Eurorrexión para poderlles facilitar o seu labor. Tamén se realizan visitas regulares ás institucións europeas, onde se manteñen encontros con autoridades, expertos e altos funcionarios da UE.



Visita de xornalistas da Eurorrexión ao Centro de Coordinación de Resposta a Emerxencias da UE xunto co comisario de Axuda Humanitaria e Xestión de Crisis, Christos Stylianides

ÁREAS POLÍTICAS



CONFERENCIA DE ALCALDES E ALCALDESAS E COMISIONS POLÍTICAS

Xa nada volverá ser igual despois da pandemia que estala ao comezo de 2020 e que nos condicionou durante este ano e o 2021. Unha situación non prevista que afecta as cidades e as súas estruturas. Tiñamos a convicción de que nada sería igual, pero non sabiamos como xestionar o día despois. A existencia da axenda urbana e, moi especialmente, o seu plan de acción constituía unha ferramenta importantísima para acometer o futuro inmediato, pero a pandemia alterara tantas cousas que era necesario reflexionar sobre como facelo.

No mes de setembro de 2020, e trala finalización do período de confinamento domiciliario, o Eixo Atlántico lanza unha iniciativa pioneira: a Conferencia de Alcaldes de Pontevedra, na que reúne os alcaldes das cidades do Eixo Atlántico, xunto cun grupo de expertos de alto nivel naquelas áreas que a pandemia evidenciara como as máis importantes: a investigación, a innovación, a sostibilidade, a economía e a política social, nunha conferencia na que se analizan as estratexias e medidas que desenvolver non só para a saída da crise provocada pola pandemia, senón tamén para construír cidades resilientes ante crises futuras. Como resultado desta conferencia, identificáronse as prioridades estratéxicas para acometer a saída da crise das cidades e os territorios resilientes.

Creáronse 3 comisións políticas correspondentes a cada unha destas prioridades, que son, desde entón, as que desenvolven a estratexia política do Eixo Atlántico.



Ricardo Rio, presidente do Eixo Atlántico, e Lara Méndez, vicepresidenta, comparecen ante os medios trala reunión. Pontevedra, 2020



ÁREA POLÍTICA DE SOSTENIBILIDAD URBANA

Presidida polo alcalde de Valongo, José Manuel Ribeiro, identifica e define o marco político que permite un desenvolvemento urbano sostible e o seu entroncamento co Pacto Verde Europeo. Algunhas das súas liñas de actuación son:

1. Axencia de Ecoloxía Urbana

Eixoecoloxía nace en 2009 a partir da Comisión de Desenvolvemento Sostible do Eixo Atlántico como unha entidade de soporte á planificación estratéxica municipal en materia de medio ambiente, nos municipios da organización e nas cidades asociadas a estes.

Este proxecto, de Desenvolvemento Sostible Urbano, ten por obxectivo coordinar a ordenación sosti-

ble do territorio mediante a definición dun modelo innovador de planificación e xestión territorial na Eurorrexión, baseado no desenvolvemento sostible, a monitorización das actuacións levadas a cabo no territorio e a xeración e difusión do coñecemento.

2. Planificación urbana sostible

A axenda urbana desenvólvese a través de:

2.1. Plan de Descarbonización

2.2. Plan de Mobilidade Sostible

2.3. Plan de Sostibilidade do Sistema Urbano

2.4. Delimitación de Áreas Urbanas



Reunión de la Comisión Política de Sostenibilidad Urbana

O Eixo Atlántico traballa na elaboración dunha política común de prevención de incendios e recuperación de espazos forestais a través do proxecto europeo USE4FOREST. Este proxecto, liderado pola Dirección Xeral de Montes da Xunta de Galicia e con socios de España, Portugal e Francia, busca definir estratexias conxuntas fronte aos incendios forestais, restaurar áreas queimadas e promover accións preventivas vinculadas á xestión sostible do territorio, incluíndo iniciativas que reforzan a actividade económica no medio rural para contribuír á súa conservación.




PLAN DE DESCARBONIZACIÓN

O Plan de Descarbonización pretende elaborar un plan de acción para a descarbonización dos municipios do Eixo que busque a redución e optimización do consumo enerxético en todos os ámbitos que son competencia do municipio, así como a produción local de enerxía renovable.

Á vez, preténdese establecer criterios para influír naquelas medidas que transcenden a capacidade de decisión ou actuación dos municipios, por ser competencia estatal ou europea.


Xa que o consumo de enerxía e, por tanto, as estratexias para a descarbonización son algo transversal a practicamente todos os sectores da actividade urbana, divídese o traballo en tres grandes ámbitos.

No ano 2022 abordouse a compoñente física (urbanismo, espazo edificado, espazo público, equipamentos...). En 2023 traballouse sobre os aspectos relacionados coa mobilidade e funcionalidade urbana, e en 2024 sobre os relacionados co metabolismo urbano (residuos, ciclo da auga, calidade do aire...).



Presentación Plan de Descarbonización. Ponteareas, 2022

PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE



O Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Eixo Atlántico define os obxectivos, principios e liñas estratéxicas para unha mobilidade máis sostible nos municipios que conforman o Eixo Atlántico, co obxectivo de definir unha estratexia común que logo se concretará en cada municipio. As actuacións prioritarias que darán contido ao establecido no PMUSEA serán definidas por cada un deles.

O PMUSEA recolle criterios e recomendacións para unha mobilidade sostible no contexto local e europeo, identificando as actuacións estratéxicas específicas para cada municipio do Eixo Atlántico e a súa área de influencia. O ámbito prioritario de traballo será a cidade e a súa área de influencia.

O Plan aborda tanto a mobilidade intramunicipal (orixe e destino no propio municipio) como a debida ás entradas ou saídas do municipio, así como tamén as diferentes realidades territoriais: áreas compactas ou difusas, a presenza ou non de elementos atraentes próximos ao núcleo urbano residencial, tales como polígonos industriais, centro, etc.



Presentación do Plan de Mobilidade Urbana Sostible. A Coruña, 2020

PLAN DE SOSTIBILIDADE DO SISTEMA URBANO

Desde que no ano 2010 o Eixo Atlántico definiu e publicou as bases para un modelo territorial de sostibilidade do noroeste peninsular, non cesou no seu empeño de definir os criterios e marcar as liñas de actuación que, tendo en conta as características propias e distintivas do territorio, conduzan cara a un desenvolvemento máis intelixente das súas cidades.

Dous anos despois, o Eixo Atlántico publicou o primeiro informe de sostibilidade da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, no que se analizaba a evolución no tempo e a distribución no espazo de 26 indicadores de sostibilidade que pretendían realizar un diagnóstico cuantitativo da situación da Eurorexión.

O Plan de Sostibilidade Urbana do Eixo Atlántico (2023) aspira a ser a ferramenta, o instrumento conceptual que debe marcar o rumbo do desenvolvemento urbano da Eurorexión. Neste sentido, a incorporación dos principios e criterios de sostibilidade explicitados no presente Plan de Sostibilidade Urbana constitúe unha poderosa ferramenta para a mellora da calidade dos asentamentos humanos.

O Plan adapta os criterios xerais que sobre urbanismo sostible emerxen dos documentos anteriores ás principais tipoloxías urbanas que se asentan na Eurorexión.



Presentación do Plan de Sostibilidade Urbana. Póvoa de Varzim, 2021

DELIMITACIÓN DE ÁREAS FUNCIONAIS EN GALICIA



O presente informe presenta os criterios de delimitación das áreas funcionais de vilas cabeceiras comarcais, para que poidan acceder aos fondos estruturais para a sostibilidade urbana. Na Unión Europea, a organización encargada da definición de unidades administrativas (Eurostat) define áreas urbanas funcionais como «un conxunto de municipios que están englobados nunha única zona de influencia laboral, caracterizada por unha alta taxa de desprazamentos laborais entre os referidos municipios».

A finalidade destas áreas sería reverter a dinámica demográfica e económica das zonas non metropolitanas. E, sobre todo, estes núcleos funcionais serían os elementos fundamentais para fomentar unha economía e actividade laboral relacionada coa sostibilidade ecolóxica, que están en grave risco de crebar, tal e como se puxo de manifesto no verán de 2022.

O informe estrutúrase en tres apartados básicos. Nun primeiro apartado, analízanse os conceptos teóricos que definen as áreas funcionais na Unión Europea e, de forma máis específica, na península ibérica. Nun segundo capítulo, avalíanse as características xeográficas de Galicia nas relacións entre a poboación e o territorio, o que condiciona a política de ordenamento territorial que tivo lugar nos últimos cincuenta anos. Por último, presenta unha síntese propositiva para o goberno de España, para avalar a selección de centros funcionais que poidan contribuir a desenvolver unha política territorial no contexto da sostibilidade e da execución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.



Debate sobre as áreas funcionais e a política urbana en España. Culleredo, 2023

ÁREA POLÍTICA DE ECONOMÍA

Identifica e define o marco político que permita un desenvolvemento económico e impulse a cohesión do territorio e a xeración de infraestruturas que favorezan ambos os obxectivos.

As súas liñas de actuación son:

- Informe Socioeconómico
- Infraestruturas
- Turismo



INFORME SOCIOECONÓMICO



O Anuario Socioeconómico constitúe un soporte de información para contribuír á promoción das áreas territoriais que integran o Eixo Atlántico, coa vontade de pór en valor as súas fortalezas e potencialidades.

Avaliase o comportamento das principais magnitudes económicas, subliñando a relevancia que posúen cada unha delas no contexto xeral da realidade socioeconómica de Galicia e da Rexión Norte de Portugal. O Anuario é unha ferramenta de análise de gran utilidade que recolle a información proveniente das estatísticas oficiais e clasifícaa de maneira completa e coherente, permitindo proxectar no horizonte un marco de análise e de reflexión.

TURISMO

CAMIÑO PORTUGUÉS DE SANTIAGO

Outra das iniciativas de referencia do Eixo Atlántico é a promoción do Camiño Portugués de Santiago. O Camiño de Santiago (que percorre toda a Eurorrexión nas súas múltiples rutas) sufrira un esquecemento continuado por parte dos gobernos. As cidades do Eixo Atlántico son conscientes da necesidade e importancia de acometer labores de mellora dos Camiños, así como da súa promoción. O Eixo Atlántico asume o seu impulso en 2014, realizando un informe de situación, inventario de necesidades e custo das mesmas que, unha vez presentado ao Goberno de Portugal, sirva para equiparar estas rutas, en crecemento constante, a aquelas que gozan das mellores condicións.

Así mesmo, elaborouse a proposta para a candidatura a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, como xa o son o Camiño Francés e o Camiño do Norte.



Elaborouse unha proposta para que o Camiño Portugués se candidate a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO

EXPOCIDADES



Inauguración VIII Exposiciones – Sarria 2025



Expocidades, Mostra Turística das Cidades do Eixo Atlántico e de promoción do turismo de proximidade na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O turismo non só é unha das grandes industrias da Eurorrexión e, por tanto, motor económico e de creación de emprego, senón que tamén é o principal instrumento de coñecemento e de eliminación de fronteiras inmateriais. En consecuencia, desde o primeiro momento o Eixo Atlántico asumiu como unha das súas prioridades. O esquema é moi sinxelo: sete millóns de persoas, cun teito de 52 fins de semana anuais, supón un importantísimo nicho de mercado no ámbito do turismo de proximidade. Así naceu Expocidades, feira do turismo de proximidade.



Sarria 2025

NOVOS CONCEPTOS TURÍSTICOS

O Eixo Atlántico vén desenvolvendo desde hai unha década a identificación e o desenvolvemento de novos conceptos turísticos que impulsen ofertas diferenciadas e pensadas desde territorios periféricos con menores facilidades de conectividade que os grandes destinos tradicionais.

Este proceso iníciase hai máis dunha década co concepto de turismo de fronteira identificado co slogan «dous países, un destino» que hoxe en día xa se estendeu por toda Europa. Este concepto reforzouse coa creación da rede EPICAH, xerada a partir dun proxecto Interreg Europe, e integra representantes de 8 fronteiras europeas.

Esta rede organizou en 2019 o Foro Europeo de Turismo na cidade portuguesa de Braga, e o foro Tourism at border regions: an economic strategy for peripheric regions en Bruxelas, no que participaron responsables políticos e eurodeputados das 8 fronteiras que integran o proxecto, así como representantes da Comisión Europea e do Comité das Rexións.

Entre as principais conclusións figura a necesidade de dotar á Unión Europea dunha verdadeira política de turismo, outorgando a este sector un maior nivel institucional. Na actualidade, están a identificarse e deseñarse outros conceptos, como o turismo de autor, como ferramenta para desenvolver un turismo de excelencia que respecte e preserve os valores culturais e o patrimonio, fronte ao turismo masivo e o seu impacto negativo sobre a vida e a morfoloxía urbana das cidades; o turismo policéntrico para pór en valor o conxunto de pequenas cidades próximas entre si con recursos atractivos, pero insuficientes para motivar unha viaxe, e o turismo accesible, para favorecer o goce turístico de persoas con dificultades de mobilidade.



INFRAESTRUTURAS. CORREDOR ATLÁNTICO

Xa en 2014, o coordinador da Rede Europea de Transportes, Carlo de Grandis, reuníase en Viana do Castelo con dirixentes políticos e empresariais da fronteira hispano-lusa para falar sobre as conexións ferroviarias prioritarias que enlazarían a fachada atlántica ibérica con Europa.



Os secretarios de Estado de España, Julio Gómez-Pomar, e de Portugal, Guillermo de Oliveira, xunto ao coordinador da Rede Trans-europea de Transportes da Comisión Europea, Carlo de Grandis, e o secretario xeral do Eixo Atlántico nun foro sobre as conexións ferroviarias con Europa. Vigo, 2017



Cume de entidades políticas sociais e económicas en defensa do trazado galego do Corredor do Atlántico. O Barco de Valdeorras, 2018

En 2018, durante unha reunión con Carlo Secchi, coordinador europeo da Rede Trans-europea de Transportes, este confirmou ao presidente do Eixo Atlántico que a liña A Coruña-Vigo-Ourense-Monforte-O Barco-Palencia sería integrada no Corredor Atlántico.

A importancia desta decisión radicaba non só na competitividade para os portos galegos, ao poder pór as súas mercadorías en toda Europa en tempos competitivos, senón tamén no impulso económico que achegará ao interior de Galicia, zona con grandes problemas demográficos pola falta de investimentos e de movemento económico. Todos estes aspectos xa foran recollidos polo Eixo Atlántico no foro que organizou en Monforte de Lemos en maio de 2016.



Reunión con responsables de Transportes da Comisión Europea para defender o desenvolvemento do Corredor do Atlántico. Bruxelas, 2014



A importancia da aprobación por parte da Comisión Europea radica en que, a partir da súa inclusión nos corredores europeos, o goberno español poderá iniciar os trámites para acometer a obra, que permitirá conectar as mercadorías, así como o transporte de pasaxeiros, a velocidades próximas aos 200 km/h, o que garantirá a competitividade dos portos galegos e portugueses.

Esta reunión, en 2016, tamén aborda o feito de impulsar o porto seco de Monforte, outra das reivindicacións históricas do Eixo, infraestrutura imprescindible para concentrar as mercadorías galegas e viabilizar os novos trens de 750 metros que circularán polos corredores europeos de transporte ferroviario.

O secretario xeral do Eixo Atlántico e o alcalde de Monforte, José Tomé, reclaman o impulso ao porto seco de Monforte para as saídas das mercadorías a través do Corredor Atlántico

COMISIÓN POLÍTICA DE INNOVACIÓN SOCIAL

Presidida polo alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela, identifica e define o marco político que permite un desenvolvemento social e impulsa a cohesión do territorio e as políticas de loita contra a crise demográfica. Algunhas das súas liñas de actuación son:

MAPA DE COHESIÓN SOCIAL

Un dos principais instrumentos que desenvolve a axenda urbana é o mapa de cohesión social que constitúe un valiosísimo instrumento para planificar políticas que preveñan a marxinación social e a deterioración dos barrios onde se xere empobrecemento ou bolsas de marxinación, o que acaba transformando os barrios en guetos. O mapa de cohesión define a evolución das nosas cidades e a análise comparativa con respecto ás demais da súa contorna, en ámbitos que van desde o poder adquisitivo ata a violencia de xénero ou a fenda dixital.

Trátase dunha experiencia pioneira no ámbito europeo, xa que é a primeira vez que se realiza un mapa de cohesión nun sistema urbano transfronteirizo, enmarcado no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible fixados pola ONU como parte da axenda 2030.



Instrumento para planificar políticas que preveñan a marxinación social e a deterioración dos barrios



A presidenta do Eixo Atlántico, o presidente da Deputación de Ourense e o secretario xeral na presentación do Mapa de Cohesión Social do Eixo Atlántico. Ourense, 2023

RETO DEMOGRÁFICO



Un dos problemas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e do sistema urbano do Eixo Atlántico é a asimetría existente no ámbito demográfico entre o eixo da costa, onde se concentra a maior parte da poboación, tanto do norte de Portugal como de Galicia, e o eixo interior, cun crecente problema de despoboamento, predominancia de medio rural e zona de montañas.

Por iso, o Eixo Atlántico desenvolve unha importante actividade no ámbito de identificar e impulsar medidas que contribúan a fixar poboación e frear o despoboamento para, desta maneira, impulsar a cohesión do territorio.

Neste ámbito, estase a traballar en medidas para prever e combater os incendios forestais, favorecer a creación de postos de traballo e actividade económica, tanto no ámbito dos investimentos como do emprendemento e da economía social, e mellorar os servizos públicos, as comunicacións e a mobilidade no eixo interior. Como exemplo destas medidas, impulsouse a creación da primeira asociación hispano-portuguesa de produtores de produtos tradicionais gastronómicos e organízase dúas feiras anuais para favorecer a comercialización de devanditos produtos.

Así mesmo, estase a traballar nunha estratexia de captación de nómades dixitais para revitalizar o medio rural despoboado e, ao mesmo tempo, captar talento para o desenvolvemento económico, reforzando este mesmo obxectivo. Igualmente, esta estratexia obtivo o apoio da Comisión Europea a través de EDIN e USE4FOREST.



Feira de produtos tradicionais

EDUCACIÓN

MOSTRA MUSICAL

Xorde como unha aposta pola educación musical, para pór en valor o inmenso talento que reúnen os conservatorios e escolas musicais da Eurorreión, á vez que se homenaxea en cada edición a compositores do territorio, reivindicando desta maneira a creatividade. A Mostra Musical do Eixo Atlántico, que se celebra cada dous anos nun municipio diferente, consolidouse como un referente da educación e interpretación musical.



A Mostra Musical é un concurso de intérpretes mozos de música clásica e jazz, estudantes das escolas municipais de música e conservatorios profesionais, das cidades pertencentes ao Eixo Atlántico

INTERCAMBIOS ESCOLARES

Este programa consiste na organización de intercambios de alumnos das cidades do Eixo Atlántico, durante os que levan a cabo diferentes actividades e visitas xunto cos alumnos do municipio que acolle a visita.

Estes intercambios fanse entre dúas cidades (unha de cada rexión), visitándose mutuamente co obxectivo de promover entre os estudantes e docentes o coñecemento dos municipios integrantes e do propio Eixo Atlántico, así como do seu patrimonio (cultural, natural, inmaterial) e sensibilizar os estudantes sobre a importancia de vivir nun municipio integrante dunha Eurorrexión.



Intercambio de escolares entre as cidades galegas e portuguesas do Eixo Atlántico

CULTURA



Inauguración Capital da Cultura 2025 en Viana do Castelo

CAPITAL DA CULTURA

A gran importancia dos programas culturais no marco de impulsar a Eurorrexión como un territorio creativo conducen a crear un programa máis amplo. Este programa pretende pór en valor a produción e creación cultural autóctona da Eurorrexión, dándoa a coñecer entre os seus cidadáns.

Así, desde a etnografía ata as culturas urbanas máis recentes, todas as manifestacións culturais teñen cabida neste programa ao longo dun ano. Desta forma, cada dous anos, os membros do Eixo elixen, de entre as candidaturas presentadas, a sede da seguinte edición. Pero non só o coñecemento cultural é un dos grandes logros da Capital da Cultura, senón que foi neste marco no que moitos creadores e artesáns se coñeceron e iniciaron un camiño compartido de intercambio de coñecementos, creación e debate cultural.



Inauguración Capital da Cultura 2025 en Viana do Castelo

A Capital da Cultura do Eixo Atlántico pon en valor os artistas da Eurorrexión

BIENAL DE PINTURA



Nos seus máis de 30 anos de vida, a Bienal de Pintura converteuse nun exemplo de mestizaxe cultural e de impulso aos territorios creativos. Varios dos artistas de gran renome na actualidade déronse a coñecer na Bienal.

Creadores que non se coñecían entre si hoxe comparten un ámbito de debate e intercambio creativo. E o que é case máis importante: a Bienal, na súa itinerancia polas cidades do Eixo Atlántico, permitiu incrementar o recoñecemento de creadores e da súa obra por parte tanto do público especializado e dos galeristas, como do público en xeral, favorecendo non só o consumo cultural senón tamén o movemento económico imprescindible para que os creadores poidan desenvolver o seu traballo.

As obras seleccionadas compoñen unha exposición itinerante que percorre varias cidades do Eixo Atlántico ao longo de varios meses.



XV Edición de la Bienal de Pintura en Viana do Castelo



BIENAL VIRTUAL

A exposición pódese visitar tamén de forma virtual desde 2021, cando o Eixo creou a Galería Virtual, na cal se pode percorrer o espazo para ver ao detalle todas as obras e información dos seus autores.



DEPORTES



Inauguración dos XV Xogos en Vila Nova de Famalicão, 2024

XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO

Organizados por primeira vez nunha mesma cidade, en 1997 en Ferrol, son o máis coñecido, carismático e participativo programa de cantos desenvolve o Eixo Atlántico en máis de 30 anos.

Desde o seu inicio con 900 participantes, o interese que esta actividade xera nas cidades foise incrementado ata chegar aos máis de 2200 participantes da última edición.

Neste tempo, os Xogos reafirmáronse como o gran evento deportivo da Eurorrexión, fomentando o xogo limpo, o respecto ao adversario e, sobre todo, a convivencia e o intercambio de experiencias entre mozos deportistas galegos e portugueses. Os Xogos contaron na súa andaina con padriños e madriñas de renome, como a atleta portuguesa Rosa Mota, campioa olímpica de maratón nos Xogos de Seúl, ou Chano Rodríguez, nadador español con 8 medallas de ouro nas súas diversas participacións nos Xogos Paralímpicos. Primeiros ministros, presidentes de Galicia, ministros e secretarios de Estado de Deportes participaron tradicionalmente na inauguración.

Os Xogos do Eixo Atlántico son un evento deportivo único, que se celebra bianualmente, rotando de sede. Dirixidos a mozos deportistas de ata 16 anos, durante unha semana os participantes conviven e compiten en múltiples disciplinas deportivas na cidade que os acolle.



TORNEOS DEPORTIVOS

El Eixo Atlántico organiza diversos torneos deportivos. En la actualidad se celebran torneos de hockey sobre patines y taekwondo, en los que participan equipos de Galicia y del norte de Portugal.



Torneo de Taekwondo, Gaia 2022



Torneo de Hokey, A Coruña 2022

DEPORTE ADAPTADO

O Eixo Atlántico organiza un torneo de boccia DI, baloncesto en cadeira de rodas e taekwondo adaptado co obxectivo de promocionar e visibilizar o deporte adaptado en Galicia e no Norte de Portugal. Esta iniciativa busca fomentar a inclusión, a igualdade de oportunidades e o intercambio deportivo na Eurorrexión. Así mesmo, nos Xogos do Eixo Atlántico tamén se inclúen modalidades adaptadas como a natación, reafirmando o compromiso da organización co deporte inclusivo e a diversidade.



LOBBY POLÍTICO



LOBBY POLÍTICO

A presidencia da Conferencia das Cidades do Arco Atlántico, primeiro asumida por José Sánchez Bugallo, posteriormente por Carlos Negreira e este sucedido por José Maria Costa, a presidencia da delegación portuguesa no Comité das Rexións que ostentou así mesmo José Maria Costa, Ricardo Rio, alcalde de Braga, membro do Comité Executivo da rede EUROCITIES, actual presidente do Parlamento Global de Alcaldes, ou desde 2016, un dos Champion Mayors for Inclusive Growth da OCDE, marcaron unha década de liderado de dirixentes do Eixo Atlántico nas estruturas europeas, o que permitiu unha interlocución privilexiada coas institucións europeas, á vez que constata o éxito da estratexia deseñada polo Eixo Atlántico.



Coa comisaria europea de Política Rexional, Corina Crețu



Co presidente da República de Portugal, Marcelo Rebelo de Sousa



O presidente, o vicepresidente e o secretario xeral do Eixo Atlántico, Ricardo Rio, Alfredo García e Xoán V. Mao, respectivamente, recibidos en Lisboa polo presidente da República, Marcelo Rebelo de Sousa, 2016



Alcaldes do Eixo Atlántico con António Guterres, Primeiro Ministro de Portugal naquel momento e actual Secretario Xeral das Nacións Unidas.



Cos reis de España



Reunión de todas as organizacións da fronteira hispano-portuguesa cos secretarios de Estado de Portugal e España

LOBBY EN ESPAÑA E PORTUGAL



Co primeiro ministro de Portugal,
Pedro Passos Coelho



Con Carlo de Grandis,
responsable de Políticas de
Acción Climática- Transporte
e Mobilidade dala Comisión
Europea.



Con António Costa,
primeiro ministro de
Portugal

LOBBY EN EUROPA



Coa presidenta do Comité das Rexións, Mercedes Bresso

Co Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo e co Presidente da Comisión Europea, Durão Barroso.



Co exprimeiro ministro de Francia, Pierre Mauroy



Co presidente do Parlamento Europeo, Josep Borrell, e o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño



Coa secretaria de Estado de Transportes de Portugal, Ana Paula Vitorino



Co comisario europeo, Johannes Hahn



Co presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño



Co comisario europeo de Desenvolvemento Rexional, Michel Barnier



Co ministro portugués de Infraestruturas, Luís Valente de Oliveira


PRAZAS DO EIXO ATLÁNTICO





Matosinhos

As cidades do Eixo Atlántico, como recoñecemento ao traballo da entidade e á importancia da cooperación entre elas, progresivamente van dando o nome da entidade a prazas e espazos urbanos de nova creación, dotando a cada unha delas dunha escultura conmemorativa obra de artistas locais. Con iso, ademais, avánzase na implicación do Eixo Atlántico na vida cotiá das cidades e dos cidadáns.



Viana do Castelo



Matosinhos



Vila Nova de Gaia



Braga



Bragança



Lugo





Vila Nova de Famalicão



PREMIOS RECIBIDOS



O Eixo Atlántico recibiu polo seu traballo diversos recoñecementos por parte de organizacións da sociedade civil, o que é un motivo especial de satisfacción.



Premio outorgado pola Federación de Asociacións de Veciños de Lugo



Premio outorgado pola Asociación Monfortina de Amigos do Ferrocarril



Medalla de ouro da cidade de Vila Nova de Gaia



Premio outorgado pola
Asociación de Rexións
Fronteirizas Europeas

Xuíces honorarios do Couto Mixto
(entidade que promove a
recuperación da memoria
histórica galaicoportuguesa)



Premio "Evento Desportivo do Ano"
aos XV Xogos do Eixo Atlántico, outorgado pola Cámara Municipal de Vila Nova de Famalicão



ORGANIGRAMA ESTRUTURAL



COMISIÓN EXECUTIVA



Luís Nobre
Presidente
(Viana do Castelo)



José Tomé Roca
Vicepresidente
(Monforte de Lemos)



Miguel Anxo Fernández-Lores
Presidente da Mesa da Assembleia
(Pontevedra)



Luísa Salgueiro
Vicepresidente da Mesa
da Assembleia
(Matosinhos)



Xoán Vázquez Mao
Secretario xeral
Secretario da Comisión Executiva
Secretario da Asemblea Xeral

VOCALES

- Pedro Duarte, (Porto)
- Abel Caballero (Vigo)
- Miguel Anxo Fdez. Lores (Pontevedra)
- Jorge Ricardo (Amarante)
- Isabel Ferreira (Bragança)
- Goretti Sanmartín (Santiago de Compostela)
- Vitor Correia (Mirandela)
- Mário Passos (Vila Nova de Famalicão)
- María Barral (Betanzos)
- Marta Rouco (Vilalba)
- Aurentino Alonso (O Barco de Valdeorras)
- Amadeu Albergaria (Santa Maria da Feira)

ALCALDES E ALCALDESAS DO EIXO ÁTLÁNTICO

Jorge
Ricardo

AMARANTE



Mário
Constantino

BARCELOS



Maria
Barral Varela

BETANZOS



João
Rodrigues

BRAGA



Isabel
Feirreira

BRAGANÇA



Daniel
Pérez

CARBALLO




Inés
Rey

A CORUÑA



José Ramón
Rioboo

CULLEREDO



Carmela
López

**DEPUTACIÓN
DE LUGO**



Luis
Menor Pérez

**DEPUTACIÓN
DE OURENSE**



Carlos
Silva

ESPOSENDE



Antero
Barbosa

FAFE



Nuno
Fonseca

FELGUEIRAS



Luís Filipe
Araújo

GONDOMAR



Ricardo
Araújo

GUIMARÃES




Elena
Candia

LUGO



António Silva
Tiago

MAIA



Lúisa
Salgueiro

MATOSINHOS



Sérgio
Borges

**MACEDO
DE CAVALEIROS**



Vítor
Correia

MIRANDELA



José
Tomé Roca

**MONFORTE
DE LEMOS**



Marián
Ferreiro Díaz

NARÓN



Aurentino
Alonso

**O BARCO DE
VALDEORRAS**



Gonzalo
Pérez Jácome

OURENSE



Jose Manuel
Gonçalves

**PESO DA
RÉGUA**



Migel Anxo
Fernández
Lores

PONTEVEDRA



Pedro
Duarte

PORTO



Andrea
Silva

**PÓVOA DE
VARZIM**



Mariola
Sampedro

RIBEIRA



Amadeu
Albergaria

**SANTA MARIA
DA FEIRA**



Goretti
Sanmartin

**SANTIAGO DE
COMPOSTELA**



Claudio
Garrido

SARRIA




Paulo Esteves
Ferreira

VALONGO



Luís
Nobre

**VIANA DO
CASTELO**



Abel
Caballero

VIGO



Vítor
Costa

**VILA DO
CONDE**



Mário
Passos

**VILA NOVA DE
FAMALICÃO**



Luís Filipe
Menezes

**VILA NOVA
DE GAIA**



Alexandre
Faviaos

VILA REAL



Alberto
Varela

**VILAGARCÍA
DE AROUSA**



Marta
Rouco

VILALBA



ORGANIGRAMA INTERNO



SECRETARÍA XERAL

Xoán Vázquez Mao – Secretario Xeral
+34 699 303 329

sg@eixoatlantico.com

Rita Fidalgo Oitavén – Secretaria Xeral Adxunta
+34 622 051 302

rita.fidalgo@eixoatlantico.com

Loreto Vázquez Rodríguez - Secretaria
+34 698 188 621

loreto.vazquez@eixoatlantico.com

ÁREA DE RELACIÓNS INTERNACIONÁIS E PROXECTOS EUROPEOS

Ana del Valle Couto - Project Manager
+34 986 480 616

ana.delvalle@eixoatlantico.com

Nour Al-Hussen Villa – Xefa de Sección
+34 698 187 917

nour.villa@eixoatlantico.com

DEPARTAMENTO DE PROGRAMAS E COOPERACIÓN

Vânia Sofia Ferreira Oliveira – Directora
+351 913 187 495

vania.oliveira@eixoatlantico.com

Marta Cabanas Cal – Xefa de Sección
+34 672 258 686

marta.cabanas@eixoatlantico.com

Andrea López Oliveira
+34 604 07 91 71

andrea.lopez@eixoatlantico.com

Emma Ben Álvarez
+34 986 480 616

emma.ben@eixoatlantico.com

Filipe Fernandes Taveira
+34 986 480 616

filipe.taveira@eixoatlantico.com

Marta Teiga da Silva Ferreira
+351 938 078 125

marta.ferreira@eixoatlantico.com

GABINETE DE COMUNICACIÓN

Andrea Camiño Alvite - Xefa de Sección
+34 672 258 674

andrea.camino@eixoatlantico.com

DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Amaya García González – Directora
+34 986 480 616

amaya.garcia@eixoatlantico.com

Mª José González Mella - Xefa de Sección
+34 986 480 616

mariajose.gonzalez@eixoatlantico.com

Beatriz Fernández Magán
+34 986 480 616

beatriz.fernandez@eixoatlantico.com

Paula Sofia Lopes Pinto
+351 22 201 99 37

paula.pinto@eixoatlantico.com

Paulo Israel Mendes da Mota
+351 22 201 99 37

paulo.mota@eixoatlantico.com



SEDE EN VIGO

Rúa Bolivia, 4 baixo
36203 Vigo (Pontevedra) España
+34 986 480 616

eixoatlantico@eixoatlantico.com



SEDE EN MAIA

Rúa Joaquim de Vasconcelos, 168
Águas Santas (Maia) Portugal
+351 22 201 99 37

eixoatlantico@eixoatlantico.com



EIXO ATLÂNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR

2026

